

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL PADECIDO NO DECRETO NÚMERO 6881/2022 DO 01.07.2022 POLO QUE PROCEDE A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 20/2022). CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DO AGADER PARA O "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL".

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 23.383,28 € para o 2022, en base á Resolución de concesión de subvención do AGADER do 10.06.2022 (importe da subvención: 97.838,00 €) así como o coeficiente de financiamento da actividade subvencionada: 93,593 %, polo que se propuxo a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), examinados os antecedentes obrantes no expediente constátase a existencia dun erro material no mesmo, polo que procede a súa subsanación.

En virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común que literalmente di: "Las administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos", procede a subsanación do mesmo, de xeito que onde di: "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00043" deberá dicir "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00027", manténdose o resto do contido do Decreto invariable e dando traslado do expediente ao departamento de Contabilidade, que deberá introducir os axustes derivados do mesmo.

Polo que **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro padecido no Decreto número **6881/2022** do **01.07.2022**, de xeito que onde di: "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00043" deberá dicir "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00027", manténdose o resto do contido do Decreto invariable e dando traslado do expediente ao departamento de Contabilidade, que deberá introducir os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.